

ESCOLA DA VIDA

Formación Profesional

17.01.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Vinte anos, socialmente, é moito tempo, case unha xeración. A memoria colectiva deixa atrás moitas cousas que se van esvaecendo co tempo ata perderse no esquecemento. E esquecer é malo cando iso supón desdeñar o realizado, os pasos dados e os éxitos acadados. E a verdade é que no terreo da Formación Profesional, os feitos falan por si mesmo. Proba diso é que se pasou dunhas formacións que arrastraban déficits importantes en canto ás sinerxias entre o sistema educativo e laboral a ter unha boa correspondencia permitindo que os alumnos poidan realizar as súas prácticas cunha certa profesionalidade, e incluso, manter o emprego tras elas.

Dunha formación que adoecía de ser un caixón de xastre para os alumnos menos capacitados escolarmente pasouse a unha educación que é interpretada como primeira opción para aqueles que desexan entrar no terreo técnico profesional, e, incluso, a onde se achegan aqueloutros que realizaron unha formación universitaria co fin de buscar unha base máis práctica.

A innovación foi un dos baluartes da formación profesional, non só regrada, senón tamén ocupacional, a creación do Instituto das Cualificacións (Incual) determinou a homologación da formación profesional ofertada co resto de Europa e a aposta por estar ao día en canto a idoneidade das necesidades detectadas na industria e nos servizos. Pero tamén houbo unha posta grande polos obradoiros formativos como un método de aprendizaxe directo, pola creación de bolsas de prácticas en empresas; pola cualificación dos formadores, etc.

Aínda así, e como todo é mellorable, quedan moitas iniciativas por tomar neste eido. Un 30 por cento dos alumnos que finalizan os seus estudos na etapa da secundaria obrigatoria é un número bastante amplo para ofertar opcións que amplien o cupo do 38 por cento dos que estudan actualmente ciclos formativos, e así ter unha poboación de mozos máis instruídos que permita unha sociedade máis tecnificada e mellor preparada para facerlles fronte aos novos retos. A sociedade galega do século XXI non pode prescindir de formar as novas xeracións o máximo posible, polo que os axentes educativos deben poñer todos os instrumentos ao seu alcance para acometer este desafío e seguir a ser competitivos.